

CAMPIONATO GALEGO DE TENIS PRAIA 2026

Bases da competición • Praia de Baltar • 21–23 de agosto de 2026

1. Información xeral

Sede	Praia de Baltar (Portonovo, Sanxenxo)
Datas	Do venres 21 ao domingo 23 de agosto de 2026
Organizadores	Federación Galega de Tenis Verán Deportivo
Director do torneo	Rubén Fernández Arcos
Comité organizador	FGTennis
Xuíz árbitro	Consuelo Domínguez
Adxuntos	Por determinar
Bola oficial	HEAD
Contacto	info@eventoglobal.com 607 877 995
Información oficial	Cadros, horarios e resultados en www.fgtenis.net e www.ibertenis.com

2. Inscripcións

- **Prazo:** ata o luns 17 de agosto de 2026, a través da web **www.ibertenis.com**.
- **Pago:** deberá realizarse a través da pasarela de pago de www.ibertenis.com no momento de formalizar a inscrición. Non se admitirán outras formas de pago.
- Sen o abono da cota, a inscrición non será válida e o/a xogador/a non entrará no sorteo.
- **Sorteo:** mércores 19 de agosto de 2026.

Prezos de inscrición:

Categoría	Prezo
Absoluto parellas (masculino, feminino e mixto)	21 € por parella
Absoluto individual (masculino e feminino)	21 € por xogador/a
Sub-18 parellas (masculino e feminino)	17 € por parella

3. Categorías

- Absoluto parellas masculino
- Absoluto parellas feminino
- Absoluto parellas mixto
- Absoluto individual masculino
- Absoluto individual feminino

- Sub-18 parellas masculino
- Sub-18 parellas feminino

Para organizar unha categoría requirirase un cadro mínimo de 3 parellas (ou 3 xogadores/as no campionato individual).

4. Sistema de competición

4.1. Campionato Galego Absoluto Individual

- **Categorías:** individual masculino e individual feminino.
- **Cadro:** fase final pechada de 16 xogadores/as. Sen fase previa.
- **Formato de xogo:** 1 set a 7 xogos.
- **Fase final:** venres 21 de agosto.
- Determinaranse todos os postos.

4.2. Campionato Galego Sub-18 Parellas

- **Categorías:** parellas masculinas e parellas femininas.
- **Cadro:** fase final de 16 parellas e fase previa aberta (12 AD, 2 WC, 2 Q).
- **Formato de xogo:** 2 sets + super tie-break (sen vantaxe) en fase previa e final. Determinación de postos: 1 set a 7 xogos.
- **Fase previa:** venres 21 de agosto.
- **Fase final:** sábado 22 de agosto.
- Determinaranse todos os postos.

4.3. Campionato Galego Absoluto Parellas

- **Categorías:** parellas masculinas, parellas femininas e parellas mixtas.
- **Cadro:** fase final de 16 parellas e fase previa aberta (12 AD, 2 WC, 2 Q).
- **Formato de xogo:** 2 sets + super tie-break (sen vantaxe) en fase previa e final. Determinación de postos: 1 set a 7 xogos.
- **Fase previa:** venres 21 (mixto); sábado 22 (masculino e feminino).
- **Fase final:** sábado 22 (mixto); domingo 23 (masculino e feminino).
- Determinaranse todos os postos.

4.4. Calendario resumo

Día	Competición
Venres 21 de agosto	Absoluto individual: fase final Sub-18 parellas: fase previa Absoluto parellas mixto: fase previa
Sábado 22 de agosto	Sub-14 parellas: fase final Absoluto parellas mixto: fase final Absoluto parellas masculino e feminino: fase previa
Domingo 23 de agosto	Absoluto parellas masculino e feminino: fase final

5. Premios

Trofeos para os campións, campioas e finalistas de cada categoría.

6. Normativa

1. A competición rexeráse polas normas da Real Federación Española de Tenis (RFET).
2. É indispensable ter a licenza federativa en vigor para poder participar no torneo.
3. Os/as xogadores/as que non pertencen ao espazo Schengen deberán acreditar licenza federativa e residencia en Galicia a 1 de xaneiro do ano anterior á celebración do campionato.
4. Horarios: a Federación Galega de Tenis poderá programar partidos entre as 10:00 e as 21:00 horas.
5. Os horarios de xogo non serán oficiais ata as 20:00 horas do día anterior.
6. Os/as xogadores/as deberán revisar as listas de aceptación publicadas tras o peche de inscrición, e será da súa responsabilidade informarse das datas e horarios dos seus partidos.
7. O xuíz árbitro poderá aplicar W.O. aos/as xogadores/as que non se presenten a xogar transcorridos 10 minutos desde a hora de entrada en pista.
8. Cada xogador/a poderá disputar un máximo de 3 categorías/modalidades.
9. Os/as xogadores/as deberán vestir en pista de forma regulamentaria e axustar o seu comportamento, e o dos seus acompañantes, ao código de conduta. Non se tolerarán condutas inadecuadas nin contrarias ás normas do tenis: primará en todo momento o máximo respecto ao resto de participantes, acompañantes, equipo arbitral, persoal e instalacións da organización.
10. O xuíz árbitro poderá modificar o sistema de xogo (segundo o regulamento técnico da RFET) por motivos meteorolóxicos ou organizativos.
11. Todas as cuestións non recollidas nestas bases serán resoltas polo xuíz árbitro ou polos adxuntos. As súas decisións serán inapelables.